

5, 6 e 7 de outubro 2017

O CONVENTO DE SAN FRANCISCO TESTEMUÑAS ESQUECIDAS

I Congreso Internacional de xóvenes investigadores de A Coruña

I International Congress of young researchers of A Coruña



Índice

Descrición do Proxecto	2
Obxectivos e Prioridades	3
Ámbito Territorial	3
Impacto previsto na xuventude participante e na comunidade destinataria do proxecto, así como o efecto multiplicador e o seguimento	4
Actividades	5
Unidade didáctica: elaboración de toucados medievais	8
Desglose dos horarios do Congreso	11

Descrición do Proxecto

A entidade organizadora e coordinadora do I Congreso Internacional de Xóvenes Investigadores de A Coruña é a Asociación Cultural Beltane, formada por historiadoras da arte que buscan poñer en marcha actividades que acheguen a cultura e o patrimonio á sociedade en xeral.

A cidade de A Coruña conta cun extenso patrimonio histórico-artístico, enormemente atractivo para os investigadores, e este congreso busca tanto atraer a novos especialistas como dar a coñecer e fomentar as actuais investigacións en curso.

A celebración con carácter periódico deste encontro converterase nunha ferramenta de posta en valor e creación de sinerxías ó redor do mundo brigantino, así como de punto de encontro para distintos profesionais.

Ó mesmo tempo, a publicación das poñencias e comunicacións presentadas no congreso, en formato libro, descarga online en PDF e vídeo-conferencias, deixarán constancia escrita e visual, accesible a toda a sociedade, sobre as distintas investigacións ó redor dun patrimonio que nos pertence a todos.

San Francisco foi durante séculos testemuña muda dalgúns dos acontecementos máis destacados da urbe herculina desde o século XIII, pero que actualmente é un patrimonio enormemente fragmentado, cuxos restos se distribúen entre o propio xacemento arqueolóxico, o Museo Militar de A Coruña, o Museo Arqueolóxico Provincial do Castelo de San Antón e a igrexa de San Francisco na Av. Calvo Sotelo.

Os novos achados, froito das últimas escavacións, aportaron interesantes datos, totalmente inéditos ata o momento, que esixen unha coidadosa análise.

Creemos profundamente na cooperación entre profesionais e institucións e por iso nesta ocasión buscamos a colaboración das Universidades de A Coruña e Santiago de Compostela, como referentes científicos. Membros de ambos centros xogarán un papel fundamental, tanto como asesores como formando parte do comité científico responsable da avaliación e selección por dobre cego das comunicacións propostas polos novos investigadores, e que serán presentadas durante o congreso.

Cóntase coa cooperación do Museo Militar de A Coruña, o Museo Arqueolóxico do Castelo de San Antón e o Concello, posto que non son da súa titularidade o xacemento e os restos arqueolóxicos, senón que en última instancia son os que mellor coñecen o actual estado legal e de conservación deste conxunto patrimonial e poden aportar interesantes datos que axuden a conformar a historia máis recente do convento de San Francisco de A Coruña.

Obxectivos e Prioridades

1. Poñer en valor un patrimonio arqueolóxico de gran importancia histórico-artística como é San Francisco de A Coruña.
2. Difusión do patrimonio coruñés.
3. Fomentar a investigación de novos humanistas sobre a cidade de A Coruña.
4. Fomentar a creación de equipos multidisciplinares para o estudo dos bens patrimoniais.
5. Aplicar as novas tecnoloxías no estudo, reconstrución e conservación dos xacementos arqueolóxicos.
6. Implicación do público xuvenil (12 a 18 anos), para xerar conciencia patrimonial de maneira práctica e activa.
7. Difusión do patrimonio coruñés a nivel internacional a través do uso das novas tecnoloxías.
8. Fomentar na sociedade o desexo de conservación e restauración do seu propio patrimonio.
9. Inclusión social da comunidade xorda nas actividades de carácter cultural.
10. Colaboración con investigadores e universidades de diferentes países da Unión Europea.

Ámbito Territorial

Tras os últimos descubrimentos arqueolóxicos no interior do propio museo e que se corresponden con parte do claustro franciscano, e xunto coa súa máis que idónea localización xunto ó Castelo de San Antón, o Museo Militar convértese na sede idónea para a celebración do I Congreso Internacional de Xóvenes Investigadores de A Coruña.

Para completar as distintas conferencias en torno ó mundo franciscano que terán lugar ó longo das sesións, realizaranse visitas guiadas por expertos e investigadores ó propio xacemento arqueolóxico e á colección do Castelo de San Antón.

Debido á cidade de celebración, o público máis directo ó que vai dirixido o congreso é a propia poboación da cidade, a área metropolitana e a provincia de A Coruña; sen embargo, debido ó seu carácter científico e innovador está prevista a asistencia de investigadores procedentes do resto da comunidade autónoma.

Por último, buscando o maior impacto social e académico posible, tratarase de realizar unha publicación en vídeo das distintas conferencias e poñencias, as cales

poderán verse a posteriori na propia canle de Youtube creado a nome do congreso, e na páxina web da Asociación Cultural Beltane. Deste modo, e conxuntamente coa publicación libre dun libro sobre este tema, poderá chegar a un público potencialmente maior, a nivel tanto nacional como internacional.

Impacto previsto na xuventude participante e na comunidade destinataria do proxecto, así como o efecto multiplicador e o seguimento

No que se refire ó impacto deste proxecto, debe sinalarse que se trata do primeiro congreso de carácter puramente humanista, centrado nun monumento da urbe, que se celebra na cidade de A Coruña, que procura a colaboración activa de diferentes institucións e que buscará unha realización periódica do mesmo.

O impacto do proxecto nos participantes varía en función de se son asistentes ó congreso ou comunicantes e poñentes:

1. **ASISTENTES:** este congreso supón unha mellora do coñecemento do seu propio patrimonio, despertando o interese cultural polo seu entorno máis próximo e poderán poñer en valor un patrimonio ignorado e descoñecido por gran parte da sociedade coruñesa e galega en xeral.
2. **ASISTENTES PERTENCENTES Á COMUNIDADE XORDA:** esta actividade xerará un gran impacto dentro dun grupo social que habitualmente non ten un contacto de cerca co patrimonio (o mesmo que ocorre cos asistentes cuxa franxa de idade se enmarca dentro da adolescencia).
3. **COMUNICANTES E POÑENTES:** en primeiro lugar este congreso supón para eles a realización dunha publicación de carácter científico en formato “artigo de libro”, o que supón unha mellora do seu propio currículo (algo fundamental para os novos investigadores), ó tempo que establecerán contactos coa comunidade investigadora e poderán contrastar os seus propios traballos académicos.

En canto ó efecto multiplicador e ó seguimento da actividade realizarase por diferentes vías:

1. Publicación dun libro en papel con tódalas poñencias e comunicacións expostas durante o congreso e que será enviado de maneira gratuíta ás tres universidades galegas, así como a todas aquelas das cales procedan os poñentes e investigadores. Tamén se depositará un exemplar nas principais bibliotecas municipais galegas, para que sexa de acceso libre a toda a comunidade galega.

2. Publicación en PDF do libro, o cal estará dispoñible para a súa descarga na páxina web da Asociación Cultural Beltane de maneira totalmente gratuíta. Deste modo a publicación alcanzará facilmente unha proxección internacional.
3. Visualización online das conferencias a través dunha canle propia do congreso na plataforma Youtube, de maneira que sexan accesibles para todo tipo de público e lugar de residencia.
4. A posibilidade da organización da segunda edición do congreso en anos posteriores, de maneira que se converta nun evento periódico e significativo que axude ós novos investigadores do campo das humanidades a ampliar as súas perspectivas laborais e fomente un contacto interdisciplinario entre os profesionais asistentes.

Actividades

1. Presentación:

- 1.1. **Descrición:** o día 5 de outubro terá lugar ás 9.30 a inauguración oficial do congreso, a cal será realizada por Mónica Rey Cabezudo e Dolores Barral Rivadulla, contando coa presenza do resto do equipo organizador, dos representantes institucionais e dos asistentes matriculados.
- 1.2. **Obxectivo:** explicar cal será a dinámica do congreso, os obxectivos xerais do mesmo e comentar a documentación entregada a cada un dos asistentes co horario de actividades do congreso.

2. Poñencias marco:

- 2.1. **Descrición:** ó longo do congreso realizaranse un total de 7 poñencias marco cunha duración dunha hora, máis rolda de preguntas. Estas poñencias serán impartidas por expertos investigadores no mundo franciscano e na cidade de A Coruña, procedentes das Universidades de Santiago de Compostela e A Coruña.
- 2.2. **Obxectivos:** poñer en valor un patrimonio arqueolóxico de gran importancia histórico-artística como é San Francisco de A Coruña. Difundir o patrimonio coruñés. Fomentar na sociedade o desexo de conservación e restauración do seu propio patrimonio. Inclusión social da comunidade xorda nas actividades de carácter cultural. Colaboración con investigadores e universidades de diferentes países da Unión Europea.

3. Visita ó xacemento franciscano:

3.1. Descrición: visita explicativa ó propio xacemento franciscano, situado no Parque da Maestranza e no interior do Museo Militar de A Coruña. Explicaranse profusamente todos os aspectos construtivos e arqueolóxicos do convento de San Francisco. Será realizada por Dolores Barral Rivadulla, coa duración dunha hora.

3.2. Obxectivos: poñer en valor un patrimonio arqueolóxico de gran importancia histórico-artística como é San Francisco de A Coruña. Difundir o patrimonio coruñés. Fomentar na sociedade o desexo de conservación e restauración do seu propio patrimonio. Inclusión social da comunidade xorda nas actividades de carácter cultural.

4. Visita ó Castelo de San Antón:

4.1. Descrición: visita explicativa ós restos franciscanos conservados no Museo Arqueolóxico do Castelo de San Antón, onde se explicarán as novas investigacións xurdidas en torno ó descubrimento dos restos do claustro gótico conventual. Será realizada por Mónica Rey Cabezudo, coa duración dunha hora.

4.2. Obxectivos: poñer en valor un patrimonio arqueolóxico de gran importancia histórico-artística como é San Francisco de A Coruña. Difundir o patrimonio coruñés. Fomentar na sociedade o desexo de conservación e restauración do seu propio patrimonio. Inclusión social da comunidade xorda nas actividades de carácter cultural. Colaboración con investigadores e universidades de diferentes países da Unión Europea.

5. Comunicaci3ns de x3venes investigadores:

5.1. Descrici3n: 3 longo das tres sesi3ns do congreso, un m3ximo de 20 novos investigadores poder3n presentar as s3as investigacións a trav3s dunha comunicaci3n (presentaci3n con power-point, de aproximadamente 25 minutos de duraci3n). Ditas comunicaci3ns enmarcaranse dentro da seguinte li3a de investigaci3n: o mundo franciscano e/ou mendicante, dentro do 3mbito nacional e/ou internacional.

5.2. Obxectivos: fomentar a investigaci3n de novos humanistas sobre a cidade de A Coruña. Fomentar a creaci3n de equipos multidisciplinares para o estudo dos bens patrimoniais. Aplicar as novas tecnolox3as no estudo, reconstruci3n e conservaci3n dos xacementos arqueol3xicos.

6. Práctica de toucados medievais:

- 6.1. **Descrición:** durante esta actividade práctica de dúas horas de duración búscase achegar ós participantes á realidade da moda medieval, especificamente ás peculiaridades coruñesas, centrándonos nun aspecto concreto da vestimenta feminina, os toucados. Tras unha breve explicación teórica procederase á realización de maneira individual dun toucado medieval, usando diferentes materiais e técnicas. Esta actividade será guiada por Mónica Rey Cabezudo e unha educadora de museos.
- 6.2. **Obxectivos:** implicación do público xuvenil (12 a 18 anos), para xerar conciencia patrimonial de maneira práctica e activa. Difusión do patrimonio coruñés.

7. Presentación do libro e clausura:

- 7.1. **Descrición:** o día 7 de outubro ás 18.30 terá lugar a presentación do libro *San Francisco de A Coruña, testemuñas esquecidas*, onde constarán en forma de capítulo de libros todas as poñencias marco e as comunicacións presentadas durante o congreso. Tras a presentación do libro procederase á clausura do acto e á entrega de certificados a todos aqueles que os soliciten.
- 7.2. **Obxectivos:** poñer en valor un patrimonio arqueolóxico de gran importancia histórico-artística como é San Francisco de A Coruña. Difundir o patrimonio coruñés. Fomentar na sociedade o desexo de conservación e restauración do seu propio patrimonio. Inclusión social da comunidade xorda nas actividades de carácter cultural. Fomentar a investigación de novos humanistas sobre a cidade de A Coruña. Fomentar a creación de equipos multidisciplinares para o estudo dos bens patrimoniais. Aplicar as novas tecnoloxías no estudo, reconstrución e conservación dos xacementos arqueolóxicos.

Unidade didáctica: elaboración de toucados medievais

1. INTRODUCCIÓN:

A Idade Media converteuse nas últimas décadas nunha fonte de inspiración para novelistas, cineastas, artistas, etc., especialmente dentro do ámbito da ficción, sendo cada vez máis popular o “xénero” da fantasía medieval.

Mentres que este tipo de iniciativas poden resultar atractivas, non mostran unha visión fidedigna deste período e xeran confusión en xeral acerca de cómo era a vida da sociedade na época medieval.

Un dos aspectos que máis difiren da realidade é a vestimenta, xa que este campo permite ós deseñadores e escenógrafos a creación de novos vestiarios que, se ben son mostra dunha enorme creatividade, non se adecúan a unha realidade histórica.

A realización deste taller didáctico non busca crear expertos en moda medieval, senón simplemente achegar ós mozos e mozas algúns dos aspectos máis relevantes da vestimenta deste período, como é o caso do toucado feminino.

Ó longo de toda a Idade Media foi imperativo que calquera muller, a excepción das solteiras, mantivese o seu cabelo cuberto, seguindo o indicado por San Paulo na I Epístola ós Corintios, posto que era unha maneira de mostrar o sometemento da muller ó seu esposo e ó mesmo tempo honrar a Deus. Sen embargo, a medida que avanza a Baixa Idade Media (ss. X-XV) comeza a xurdir un novo fenómeno que revoluciona a forma de vestirse e mostrarse ante o mundo, a moda.

A aparición de distintas modas e tendencias europeas fará que ó longo dos séculos XIV e XV o vestir nas clases dirixentes se encha cada vez dunha maior suntuosidade e esplendor, cedendo a unha certa vaidade, un pecado do cal sempre se acusou especialmente á figura feminina.

Este luxo deixárase sentir tamén nos toucados, especialmente naqueles de orixe franco -borgoñón, sendo algunhas destas tendencias as que máis forza cobrarán na Península Ibérica e especialmente na cidade de A Coruña.

Na cidade brigantina contamos cun raro conxunto de laudas funerarias femininas achadas nos conventos mendicantes coruñeses; nestas pezas pode observarse como as damas nelas representadas portan un curioso toucado de perfil apuntado que polo momento non conta con paralelos nas representacións peninsulares deste tipo, o cal as converte en únicas.

2. DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

O que se buscará durante esta actividade práctica de dúas horas é achegar ós participantes á realidade da moda medieval, especificamente ás peculiaridades

coruñesas, centrándonos neste aspecto concreto da vestimenta feminina, os toucados das mulleres brigantinas.

Recentemente este tipo de elemento foi identificado co que se denomina “toucado de rolo partido” ou “apuntado”, un tipo de complemento de moda na península entre 1450 e 1480 aproximadamente, sen embargo a orixe destes toucados de rolo remóntanse ós inicios do século XV e sufrirán unha gran evolución ó longo desta centuria. Por iso, antes de comezar a actividade máis práctica realizarase unha breve explicación teórica que se ilustrará con reproducións dos distintos toucados de rolo e peiteados usados ó longo do século XV. Esta primeira parte da actividade durará aproximadamente 30 minutos.

Despois procederáse á realización de maneira individual dun toucado de rolo medieval, usando diferentes materiais e técnicas, tomando como base o exemplo das xacentes coruñesas:

- En primeiro lugar cortarase un patrón rectangular sobre a tea escollida por cada participante, coa lonxitude suficiente para que o toucado poida encaixarse sobre a cabeza.
- En segundo lugar unirase a tea polo seu extremo máis longo, creando así un tubo.
- Cerrarase o tubo, cosendo un dos extremos, mentres que o outro servirá para introducir algodón sintético co que encher o toucado e crear a forma de rolo
- Unha vez formado o rolo, uniranse ambos extremos formando unha gota, o que lle dará aspecto apuntado ó toucado xusto sobre a fronte.
- O último paso será a decoración do toucado, ó igual que na Idade Media, podendo empregar todo tipo de elementos (encaixes, teas, pedras semipreciosas, fío de ouro ou prata, etc.).

3. OBXECTIVOS

Con esta actividade búscase a implicación do público xuvenil (12 a 18 anos), achegándoo ó mundo medieval para así poder xerar conciencia patrimonial de maneira práctica e activa.

Ó mesmo tempo búscase a difusión do patrimonio coruñés e concretamente do mundo mendicante e franciscano, ó retomar un tipo de imaxe pertencente a este ámbito na cidade brigantina.

4. PERSOAS DESTINATARIAS

Esta actividade está especialmente dirixida a mozos e mozas de entre 12 e 18 anos, aínda que nela tamén poderán participar aqueles asistentes ó congreso que así o indiquen no momento da formalización da matrícula. É necesaria a inscrición de maneira anticipada nesta actividade debido ós materiais que se usarán e ó espazo

no que se realizará (previsiblemente nos xardíns da Maestranza, se o tempo o permite).

5. RECURSOS

Teas, arame, fío, agulla, abelorios, algodón, papel, ceras, tesoiras, cartolinas, cinta métrica, adhesivo, mesas, cadeiras.

A actividade será dirixida por educadoras de museos (mínimo dúas, en función do número de participantes); o equipo estará dirixido por Mónica Rey Cabezudo, responsable da organización do Congreso e da elaboración do taller como educadora.



Desglose dos horarios do Congreso

Xoves, 5 de outubro

- 09:30** | Inauguración e presentación do congreso
- 10:00** | Dolores Barral Rivadulla (USC): Desde la Desamortización a la Actualidad. Traslados, cambios e injerencias en un BIC prácticamente desconocido.
- 11:00** | Dolores Fraga Sampedro (USC): San Francisco de A Coruña. Espacio, cultura visual y devociones en el gótico gallego.
- 12:00** | Descanso
- 12:30** | Representante do Museo Militar de A Coruña
- 13:30** | Belén García Lamas (UDC): Aproximación al ámbito urbano de San Francisco en la plaza fuerte del siglo XVIII.
- 14:00** | Pablo Vázquez Bello (USC): “En busca de los orígenes”. Nacimiento y fundación de la Venerable Orden Tercera de A Coruña en la Edad Moderna: Historia y fuentes de estudio.
- 14:30** | Comida
- 16:30** | Visita guiada ao xacemento franciscano e á Capela da Orden Terceira (1ª)
- 18:00** | Visita guiada ao xacemento franciscano e á Capela da Orden Terceira (2ª)

Venres, 6 de outubro

- 10:00** | María del Carmen Saavedra Vázquez (USC): El convento de San Francisco en la Edad Moderna y su relación con los militares coruñeses.
- 11:00** | Mónica Rey Cabezado (USC): El claustro gótico del convento de San Francisco de A Coruña, un patrimonio olvidado.
- 12:00** | Descanso
- 12:30** | Representante do Museo Arqueolóxico
- 13:30** | Victoria García Soengas (USC): San Francisco de Lugo trala Desamortización: usos e transformacións dos espazos conventuais.
- 14:00** | María Canedo Barreiro (USC): Guardianes de la muerte: Estudio de las labras sepulcrales de San Francisco de A Coruña.
- 14:30** | Comida
- 16:30** | Visita guiada ao Castelo de San Antón (1ª)
- 18:00** | Visita guiada ao Castelo de San Antón (2ª)

Sábado, 7 de outubro

- 10:00** | Carlos Javier Castro Brunetto (ULL): Arte y vida franciscana bajo el sol de Brasil.
- 11:00** | Margarita Vázquez Corbal (USC): Las comunidades franciscanas y la frontera galaico-portuguesa durante la Baja Edad Media: el caso de Entre Minho-e-Lima (Portugal).
- 11:30** | Diego Asensio García (U. León): 'E cerchino di conservare il silenzio': Espiritualidad franciscana y austeridad regia en la Casa de Mallorca.
- 12:00** | Descanso
- 12:30** | David Lacámara Aylón (U. Zaragoza): 'Laudato si', mi Signore, per sor'aqua, la quale è multo utile et humile et pretiosa et casta'. El agua y su influencia en el íter del asentamiento de la Orden de Frailes Menores en la ciudad de Zaragoza.
- 13:00** | Oriol Quintana Rubio (U. Ramón Llul): La necesidad y la imposibilidad contemporáneas del mendigo sagrado. Reflexiones sobre San Francisco de Asís en La leyenda Dorada, de Giacomo di Varazze (1230-1298).
- 13:30** | Abel Lorenzo Rodríguez (USC · CSIC-IEGPS): "Giò como fraticello iaceno per le montagne": la ideología del franciscanismo espiritual en Cola di Rienzo (1347-1354).
- 14:00** | Comida
- 16:30** | Práctica de toucados medievais
- 18:30** | Presentación do libro: *O Convento de San Francisco: Testemuñas Esquecidas*.
- 19:00** | Clausura e entrega de diplomas

